

Dependencia CON.- Negociado de Contratación de Obras e Servizos 100.- JMIC		
Documento CON1110J9	Expediente CON/4/2017	



ACTA DA 1ª REUNIÓN DA MESA DE CONTRATACIÓN

LICITACIÓN: Servizo de vixilancia e seguridade nas instalacións da unidade municipal de atención ó drogodependente (UMAD).

TIPO DE LICITACIÓN: 39.192,34 euros/ano máis IVE.

PROCEDIMENTO: Aberto.

LUGAR, DATA E HORA: Sección de contratación, Rúa Presidente Salvador Allende, nº 6-8, 4 de maio de 2017, ás 9:10 horas.

ASISTENTES:

Presidenta: Dna. Concepción Fernández Fernández.

Vogais:

- D. Xan Duro, representante do grupo CA.
- Dna. María Corral, representante do grupo PP.
- D. Gonzalo Muíños, representante do grupo PSOE.
- D. Rubén Cela, representante do grupo BNG.
- Dna. Teresa Fuerlos, xefa do servizo de servizos sociais.
- Dna. Inmaculada Viña Carregal, interventora xeral municipal.
- D. Xaquín Monteagudo Romero, director da asesoría xurídica municipal.

Secretario: D. Román Otero Ferreiro, xefe de sección de contratación.

OFERTAS PRESENTADAS:

NÚMERO DE ORDE	DATA DE PRESENTACIÓN	NÚMERO DE REXISTRO	NOME DO LICITADOR
1	26/04/2017	18.018	B15639453 - SERVICIOS DE SEGURIDADE INTEGRAL E MANTENEMENTOS A-1, S.L. (*)
2	26/04/2017	18.027	B36562429 - SEGURSYSTEM EUROPA, S.L.U. (*)

**Proposición recibida por correo*

A mesa de contratación procede á verificación da presentación, por parte dos licitadores, da declaración responsable acreditativa do cumprimento das condicións establecidas legalmente para contratar coa administración, resultando que todos aportan a mencionada declaración.

A continuación procédese á apertura dos sobres que conteñen a documentación xustificativa dos criterios de adjudicación avaliados mediante cifras dos distintos licitadores admitidos, que ten como resultado o seguinte:

Nº DE ORDE	NOME DO LICITADOR	PREZO OFERTADO (euros IVA excluído)
1	B156394453 - SERVICIOS DE SEGURIDADE INTEGRAL E MANTENEMENTOS A-1, S.L. (*)	37.271'92
2	B36562429 - SEGURSYSTEM EUROPA, S.L.U. (*)	37.175'20

Rematada a apertura de todos os sobres cos criterios obxectivos, compróbase que a oferta presentada pola empresa SEGURSYSTEM EUROPA, incumpe o taxativo requirimento do prego recollido no seu apartado 13.3 que obriga a aportar un programa técnico de prestación do servizo e un estudo económico detallado. Como alí se sinala expresamente "a non presentación desta documentación... será causa de exclusión da licitación", e así o acorda a mesa.

<i>Dependencia</i> CON.- Negociado de Contratación de Obras e Servicios 100.- JMIC		
<i>Documento</i> CON1110J9	<i>Expediente</i> CON/4/2017	



Finalmente, acórdase tamén o traslado da documentación aportada pola única empresa supervivente ós técnicos municipais ós efectos de verificar o cumprimento dos requirimentos da antedita cláusula 13.3, e, especificamente, confirmar o axuste dos salarios individualizados ós convenios colectivos de aplicación.

Ás 9:18 horas levántase a sesión. Eu, como secretario, dou fe.

**Vº E PRACE
A PRESIDENTA DA MESA**

O SECRETARIO DA MESA



Dependencia CON.- Negociado de Contratación de Obras e Servicios 100.- JMIC		
Documento CON1110J9	Expediente CON/4/2017	



ACTA DA 2ª REUNIÓN DA MESA DE CONTRATACIÓN

LICITACIÓN: Servizo de vixilancia e seguridade nas instalacións da unidade municipal de atención ó drogodependente (UMAD).

TIPO DE LICITACIÓN: 39.192,34 euros/ano máis IVE.

PROCEDEMENTO: Aberto.

LUGAR, DATA E HORA: Sección de contratación, Rúa Presidente Salvador Allende, nº 6-8, 11 de maio de 2017, ás 9 horas.

ASISTENTES:

Presidenta: Dna. Concepción Fernández Fernández.

Vogais: D. Rafael Peña, representante do grupo CA.
D. Alejandro Sánchez-Brunete, representante do grupo PP.
Dna. Teresa Fuerlos, xefa do servizo de servizos sociais.
Dna. Inmaculada Viña Carregal, interventora xeral municipal.
D. Xaquín Monteagudo Romero, director da asesoría xurídica municipal.

Secretario: D. Román Otero Ferreiro, xefe de sección de contratación.

A mesa de contratación procede, en primeiro termo, á análise do informe requerido na última reunión e no que se conclúe que a única oferta admitida cumpre os requirimentos do prego e garante a viabilidade económica do servizo.

En consecuencia, a mesa de contratación, **ACORDA:**

Trasladar ao Sr. Alcalde o resultado desta licitación, ós efectos de que, dentro das súas competencias, resolva requirir ó licitador **SERVICIOS DE SEGURIDADE INTEGRAL E MANTENEMENTOS A-1 SL**, única oferta admitida no procedemento, que oferta un importe de **37.271'92 euros** IVE aparte, para que dentro do prazo de 10 días hábiles a contar desde o día seguinte ó da recepción do requirimento, acredite contar coa esixible solvencia técnica e económica, coa necesaria capacidade de obrar, e xustifique documentalmente estar ó corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social, e proceda ó aboamento da fianza, taxas e timbres municipais correspondentes.

Ás 9:15 horas levántase a sesión. Eu, como secretario, dou fe.

**Vº E PRACE
A PRESIDENTA DA MESA**



O SECRETARIO DA MESA

REF: VALORACIÓN DOS SOBRES Nº 1 E 2 DAS PROPOSTAS PRESENTADAS NA CONTRATACIÓN DO SERVIZO DE VIXILANCIA E SEGURIDADE DAS INSTALACIÓNS DA UMAD CON/4/2017

M^a Teresa Furelos Toral, xefa de servizo da Área de Acción Social deste concello, **INFORMA:**

PRIMEIRO.- Que mediante oficio do servizo de contratación de data 04.05.2017 remítense ao Servizo da Área de Acción Social, as plicas presentadas á licitación dos sobres Nº 1 e 2 do **SERVIZO DE VIXILANCIA E SEGURIDADE DAS INSTALACIÓNS DA UMAD CON/4/2017**, ao obxecto de que se emita informe de valoración das mesmas. O único licitador que presentou correctamente a documentación é **SERVICIOS DE SEGURIDADE INTEGRAL E MANTENEMENTOS A1, S.L.**

SEGUNDO.- Que de acordo co PREGO DE CLÁUSULAS ADMINISTRATIVAS PARTICULARES PARA A CONTRATACIÓN, MEDIANTE PROCEDIMENTO ABERTO, DO SERVIZO DE VIXILANCIA E SEGURIDADE DAS INSTALACIÓNS DA UMAD, na súa Disposición Xeral Nº 13.2 prevíuse que o **SOBRE Nº 1** Subtitulado: Documentación xeral servizo de vixilancia e seguridade nas instalacións da unidade municipal de atención ó drogodependente (UMAD) CON/4/2017.

"Neste sobre, e de conformidade co disposto na Lei 14/2013, de 27 de setembro, de apoio ós emprendedores e a súa internacionalización, substituirase a presentación da documentación que se relaciona no apartado 4.5 deste prego, por unha declaración responsable indicando que cumpre as condicións establecidas legalmente para contratar coa administración. Esta declaración, polo tanto, será a única documentación a incluír neste sobre no momento da presentación das ofertas".

Á vista da documentación facilitada polo órgano de contratación, D. Bernardo Pazos Alba, en nome e representación da empresa de SERVICIOS DE SEGURIDADE INTEGRAL E MANTENEMENTOS A-1, S.L. presenta dita declaración responsable na que indica que cumpre as condicións establecidas legalmente para contratar coa administración, sen prexuízo da obriga de xustificar documentalmente as devanditas circunstancias, no suposto de resultar proposto como adxudicatario do contrato, no prazo que sinala o órgano de contratación anterior á adxudicación definitiva do contrato.

TERCEIRO.- Que de acordo coa Disposición Xeral Nº 13.3 do citado Prego de cláusulas administrativas particulares preveuse que o **SOBRE Nº 2** Subtitulado: Proposición relativa aos criterios de adxudicación avaliados mediante cifras ou porcentaxes para a licitación.

1.- OFERTA ECONÓMICA:

"O contido da oferta económica será redactado segundo o modelo anexo ao prego sen erros ou tachaduras..... Na proposición económica, que non deberá superar o orzamento de licitación establecido na cláusula 6 do prego, deberá indicarse, como partida independente, o IVE".

Á vista da documentación facilitada polo órgano de contratación, D. Bernardo Pazos Alba, en nome e representación da empresa de SERVICIOS DE SEGURIDADE INTEGRAL E MANTENEMENTOS A-1, S.L. comprométese a executar o contrato de referencia polo seguinte importe: **37.271,92 euros, e o 21% de IVE, por importe de 7.827,10.**

Dita oferta é inferior ao orzamento máximo de licitación que fixouse en 39.192,34 euros.

2.- PROGRAMA TÉCNICO DE PRESTACIÓN DO SERVIZO:

“... no que se detallarán os protocolos de actuación previstos, rutinas de control, e material e persoal posto a disposición do servizo.”

Á vista da documentación facilitada polo órgano de contratación, D. Bernardo Pazos Alba, en nome e representación da empresa de SERVICIOS DE SEGURIDADE INTEGRAL E MANTENEMENTOS A-1, S.L. presenta o Programa Técnico de prestación de servizo, en 28 folios e coa seguinte estrutura:

1.- Planificación da actividade e proxecto de traballo:

1.1.- Memoria descritiva e proxecto de traballo, descrición das funcións e cometidos específicos a desenvolver, quendas de horarios: Total horas/ano aproximadas ascenden a 2.480 horas, cun total de 2 vixiantes de seguridade asinados á Umad.

1.2.- Manual de operatividade, procedemento e normas de actuación nas distintas situacións e imprevistos.

2.- Plan de seguimento, control e avaliación continuada da calidade do servizo:

Seguridade A-1 ten feito un protocolo para a calidade de todos os seus servizos, e na actualidade está certificada pola prestixiosa empresa BUREAU VERITAS. Para a execución de dito Plan conta co seguinte persoal:

2.1.- un Director de seguridade e xefe de seguridade, responsábel do servizo, sr. Don José Luis Bello Rodríguez, e.

2.2.- un Inspector de servizo, seguimento, control e avaliación do servizo.

3.- Supervisión do servizo. Establecen unhas etapas na realización da supervisión:

3.1.- 1ª etapa: Coñecemento xeral do centro da Umad desde o aspecto da seguridade,

3.2.- 2ª etapa: Iniciación do servizo: a posta en marcha do servizo ten que continuar cun seguimento de todos os detalles desde o primeiro momento, ata lograr unha eficacia consolidada como consecuencia dunha calidade do servizo que se presta, cun formulario de verificación para instalación de novos servizos, e

3.3.- Mantemento do servizo.

3.- ESTUDO ECONÓMICO:

“... detallado que permita garantir a viabilidade económica da proposta, non debendo ser este un documento xenérico, se non unha precisa análise dos costes do contrato onde se recollan especialmente os custos salariais individualizados, coa finalidade de confirmar o cumprimento dos convenios colectivos de aplicación”.

Preséntase un estudo económico exhaustivo coa finalidade de establecer a rendibilidade do servizo da vixilancia e seguridade nas instalación da Umad. O análise económico determina tanto os recursos necesarios para realizar o Proxecto como os custos propios do servizo máis os gastos fixos e variables que ten que asumir porcentualmente, correspondentes aos gastos xerais da empresa.

Do devandito estudo económico xustifícase que o importe mensual do custe dos vixiantes foron calculados de acordo co Convenio Colectivo Estatal para as Empresas de Seguridade (*Resolución de 4 de setembro de 2015, de la Dirección General de Empleo, por la que se registra y publica el Convenio colectivo estatal para las empresas de seguridad para el periodo julio 2015-2016 e Resolución de 20 de julio de 2016, de la Dirección General de Empleo, por la que se registra y publica el Acuerdo de modificación parcial del Convenio colectivo estatal para las empresas de seguridad.*)

Nas táboas salariais do convenio temos:

Custe salario:	908,24€
Plus de vestuario	87,82€
Plus de transporte	107,78€
Plus de peligrosidade	18,84€

Segundo os datos dos vixiantes teñen as seguintes antigüidades:

	Antigüidades
Vixiante 1 (100% xornada)	01-03-04
Vixiante 2 (37% xornada)	01-07-11

Ao aplicar o plus por antigüidade que é de 36,23€ cada quinquenio, obtemos o seguinte:

	Antigüidade	Quinquenios	Pluses Antigüidade
Vixiante 1 (100% xornada)	01-03-04	3,00	108,69 €
Vixiante 2 (37% xornada)	01-07-11	1,00	36,23 €

Por todo iso o custo do persoal de vixilancia resulta ser:

- ✚ Vixiante 1 contratado ao 100% da xornada laboral: **17.883,75 euros** e a maiores o custe da seguridade social a cargo de la empresa (33,50% sobre el custe) **5.991,06 euros**
Total custe vixiante 1: **23.874,81€**
- ✚ Vixiante 2 contratado ao 37% da xornada laboral: **6.557,21 euros** e a maiores o custe da seguridade social a cargo da empresa (33,50% sobre el custe) **2.196,66 euros**.
Total custe vixiante 2: **8.753,87€**

TOTAL CUSTE dos VIXILANTES a subrogar para a empresa: **32.628,68€** que si os dividimos entre os 12 meses da anualidade obtemos que el custe mensual ascende a **2.719,06€**

Dita cantidade é a que establece o informe económico presentado, como previsión de gastos de persoal mensual en concepto de salario, que asegura o cumprimento do convenio colectivo de aplicación.

É o que informo aos efectos oportunos, en Santiago de Compostela a 8 de maio de 2017, coa devolución das plicas ao órgano de contratación.

A xefa do servizo da Área de Acción Social

María Teresa Furelos Toral



SERVIZO DE CONTRATACIÓN

<i>Dependencia</i> CON.- Negociado de Contratación de Obras e Servicios 100.- JMIC		
<i>Documento</i> CON1110J9	<i>Expediente</i> CON/4/2017	



ACTA DA 3ª REUNIÓN DA MESA DE CONTRATACIÓN

LICITACIÓN: Servizo de vixilancia e seguridade nas instalacións da unidade municipal de atención ó drogodependente (UMAD).

TIPO DE LICITACIÓN: 39.192,34 euros/ano máis IVE.

PROCEDEMENTO: Aberto.

LUGAR, DATA E HORA: Sección de contratación, Rúa Presidente Salvador Allende, nº 6-8, 24 de maio de 2017, ás 9 horas.

ASISTENTES:

Presidente: D. Xan Duro Fernández.

Vogais: D. Rafael Peña, representante do grupo CA.
D. Alejandro Sánchez-Brunete, representante do grupo PP.
Dna. Teresa Furelos, xefa do servizo de servizos sociais.
Dna. Inmaculada Viña Carregal, interventora xeral municipal.
D. Xaquín Monteagudo Romero, director da asesoría xurídica municipal.

Secretario: D. Román Otero Ferreiro, xefe de sección de contratación.

Os membros da mesa de contratación, logo de analizar a documentación acreditativa da solvencia económica e técnica así como da capacidade de obrar presentada polo licitador proposto como adxudicatario, **SERVICIOS DE SEGURIDADE INTEGRAL E MANTENEMENTOS A-1 SL**, consideran acreditada a mesma, e polo tanto ratifican a proposta de adxudicación acordada na anterior sesión desta mesa de contratación a favor do mencionado licitador.

Ás 9.15 horas levántase a sesión. Eu, como secretario, dou fe.

Vº E PRACE
O PRESIDENTE DA MESA

O SECRETARIO DA MESA



Dependencia CON.- Negociado de Contratación de Obras e Servicios 100.- JMIC		
Documento CON1110J9	Expediente CON/4/2017	



ACTA DA 2ª REUNIÓN DA MESA DE CONTRATACIÓN

LICITACIÓN: Servizo de vixilancia e seguridade nas instalacións da unidade municipal de atención ó drogodependente (UMAD).

TIPO DE LICITACIÓN: 39.192,34 euros/ano máis IVE.

PROCEDEMENTO: Aberto.

LUGAR, DATA E HORA: Sección de contratación, Rúa Presidente Salvador Allende, nº 6-8, 11 de maio de 2017, ás 9 horas.

ASISTENTES:

Presidenta: Dna. Concepción Fernández Fernández.

Vogais: D. Rafael Peña, representante do grupo CA.
D. Alejandro Sánchez-Brunete, representante do grupo PP.
Dna. Teresa Fuerlos, xefa do servizo de servizos sociais.
Dna. Inmaculada Viña Carregal, interventora xeral municipal.
D. Xaquín Monteagudo Romero, director da asesoría xurídica municipal.

Secretario: D. Román Otero Ferreiro, xefe de sección de contratación.

A mesa de contratación procede, en primeiro termo, á análise do informe requerido na última reunión e no que se conclúe que a única oferta admitida cumpre os requirimentos do prego e garante a viabilidade económica do servizo.

En consecuencia, a mesa de contratación, **ACORDA:**

Trasladar ao Sr. Alcalde o resultado desta licitación, ós efectos de que, dentro das súas competencias, resolva requirir ó licitador **SERVICIOS DE SEGURIDADE INTEGRAL E MANTENEMENTOS A-1 SL**, única oferta admitida no procedemento, que oferta un importe de **37.271'92 euros IVE** aparte, para que dentro do prazo de 10 días hábiles a contar desde o día seguinte ó da recepción do requirimento, acredite contar coa esixible solvencia técnica e económica, coa necesaria capacidade de obrar, e xustifique documentalmente estar ó corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social, e proceda ó aboamento da fianza, taxas e timbres municipais correspondentes.

Ás 9:15 horas levántase a sesión. Eu, como secretario, dou fe.

**Vº E PRACE
A PRESIDENTA DA MESA**



O SECRETARIO DA MESA

